




Memoria de Actividade. OSIMGA

Ano 2024

Pleno do Observatorio da Sociedade da Información
e a Modernización de Galicia



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2025

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución.

Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)

Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>



ÍNDICE

1- INTRODUCCIÓN.....	5
2- OBXECTIVOS	6
3- O OSIMGA en cifras. Ano 2024	8
4- COMPROMISOS DO PLENO OSIMGA 2024	12
5- ACTUACIÓNS E PROXECTOS	23
5.1.-LIÑA 1: Informes de carácter xeral.....	24
5.1.1.-Fogares.....	25
5.1.2.-Empresas	26
5.1.3.-Sector TIC	27
5.1.4. Administración dixital	28
5.2.-LIÑA 2: Informes de carácter temático	30
5.2.1.- Galicia Dixital: a modernización tecnolóxica no rural	30
5.2.2.-Mulleres en Dixital: O uso das TIC desde unha perspectiva de xénero	31
5.2.3.-Software libre nas empresas TIC de Galicia.....	32
5.2.4.-Galicia Dixital: Software Libre nas Empresas de Galicia	33
5.2.5. As Mulleres no Sector TIC.	34
5.2.6.-O Hipersector TIC	35
5.2.7.-A sociedade da Información e os Autónomos de Galicia.....	36
5.3.-LIÑA 3: Proxectos en colaboración co IGE e no marco do VI Plan Galego de Estatística 2022-2026	37
5.3.1.- <i>Convenio de Colaboración entre Amtega, o IGE e o INE.</i>	<i>38</i>
5.3.2.-[4106-01-AE06] <i>Galicia Dixital: a modernización tecnolóxica no rural</i>	<i>39</i>
5.3.3.-[4101-02-OE06] <i>Galicia Dixital: Sistema de Indicadores</i>	<i>39</i>
5.3.4.-[4102-01-OE06] <i>Galicia Dixital: o sector TIC de Galicia</i>	<i>40</i>

5.3.5.-[4103-01-OE06 e 4103-02-OE06] A Administración electrónica na Xunta de Galicia e nos concellos galegos.....	40
5.3.6.-[4102-02-AE06] Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia	40
5.4.-LIÑA 4: Sistema de información e vixilancia.....	41
5.4.1- Web OSIMGA www.osimga.gal.....	41
5.4.2- Vixilancia e análise de fontes de información externas	45
5.4.4- OSIMGA nos medios.....	46
5.5.-LIÑA 5: Colaboracións.....	47

1-INTRODUCCIÓN

Preséntase o balance dos servizos e actuacións desenvolvidas polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), organismo adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia na anualidade 2024.

O **principal obxectivo** desta memoria é difundir os resultados de todas as actividades realizadas polo OSIMGA durante ese período, de acordo coa planificación de actividades que figura no Plan de Traballo Anual 2024.

As actividades do OSIMGA enmárcanse nas iniciativas impulsadas pola **Estratexia Galicia Dixital 2030**, dado que o Observatorio configúrase como o instrumento para analizar e avaliar o estado de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.

A **Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD 2030)** determina o punto de inflexión de Galicia dende onde iniciar o cambio para construír e compartir un futuro dixital de Galicia, do que son partícipes a cidadanía, as empresas e as administracións. Ten o obxectivo de contribuír ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medioambiental.

A **Estratexia Galicia Dixital 2030** apóiase no OSIMGA, como unidade que centraliza a actualización periódica dos valores dos indicadores relacionados co nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.

OSIMGA deu cumprimento a todos os compromisos asumidos no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia **para o ano 2024**, afianzando a **colaboración** establecida entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través do OSIMGA, o **Instituto Galego de Estatística (IGE)** e o **Instituto Nacional de Estatística (INE)**.

Os froitos deste traballo e esforzo son a **consolidación dun sistema de indicadores da Sociedade da Información en Galicia** e a súa renovación mediante o inicio do procedemento de actualización do proxecto técnico do sistema de indicadores da sociedade da información en colaboración co IGE.

O ámbito temporal do informe desta memoria é a anualidade que vai dende o anterior pleno anual, realizado en xuño de 2024, ata o actual, en xuño de 2025.

A Memoria do OSIMGA ofrece distintos **indicadores de seguimento** sobre os traballos realizados e os servizos ofrecidos polo Observatorio, presentando dunha maneira sistemática todas as observacións realizadas polo OSIMGA, tanto as **observacións de carácter xeral como as de carácter temático**.

O informe recolle tamén as actividades realizadas polo OSIMGA como órgano de xestión, información e vixilancia especializada, destacando a súa **web** como principal instrumento de difusión. Por último, abórdanse as actividades de colaboración en eventos, proporcionando información e indicadores, coa finalidade de contribuír á difusión do estado e da evolución das TIC en Galicia.

2-OBXECTIVOS



Órgano para avaliar o avance da Sociedade da Información

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) é un órgano asesor para a valoración da evolución da Sociedade da Información, a Modernización Administrativa e a Administración electrónica nas Administracións Públicas de Galicia, e para a participación e colaboración coas distintas Administracións Públicas nesta materia.

O OSIMGA proporciona información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos nas devanditas materias.

O observatorio foi creado e regulado polo Decreto 21/2010 do 4 de febreiro (DOG, 26/02/2010), que foi modificado polo Decreto 57/2013 do 11 de abril (DOG, 12/04/2013), o OSIMGA está adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Xunta de Galicia.



Obxectivos do OSIMGA

Os principais obxectivos do Observatorio son:

- Desenvolver ou promover compilacións, estudos e análises de datos que permitan coñecer, cunha visión global, o nivel de desenvolvemento, a tendencia e os posibles problemas que lle afecten á extensión da Dixitalización en Galicia e á aplicación do modelo de eGoberno nas Administracións públicas galegas.
- Facilitar análises comparativas con outros marcos xeográficos e tendencias evolutivas.
- Promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, e con outros observatorios, organismos ou entidades.
- Impulsar a organización de eventos formativos, reunións de especialistas ou grupos de traballo.
- Promover e xestionar a elaboración e a difusión de publicacións técnicas, impresas ou electrónicas, específicas e monográficas ou de publicación periódica.
- Xestionar e ofrecer periodicamente e, como mínimo a través dunha web específica, información sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia,

eventos formativos, noticias de actualidade ou ligazóns con outras fontes de información, observatorios ou entidades.

- Elaborar e presentar publicamente informes que reflectan a situación ou a evolución prevista.
- Facilitarlles datos a outros organismos e entidades con competencias específicas na materia.
- Analizar o desenvolvemento da Sociedade da Información para toda a cidadanía e, en especial, no que respecta ás mulleres, ás persoas maiores e aos colectivos con risco de exclusión, e promover liñas de actuación que potencien a súa incorporación e permanencia activa en condicións de igualdade efectiva.
- Avaliar e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración.

3-O OSIMGA en cifras. Ano 2024

Figura 1. OSIMGA en cifras



* Visitas á web do Osimga no período comprendido entre o Pleno 2024 e o Pleno 2025.



Evolución do OSIMGA dende a súa creación

Desde a súa creación, a principios do ano 2010, o OSIMGA realizou ampliou a súa actividade de observación e análise dos indicadores da Sociedade da Información e, ao mesmo tempo, achegar este coñecemento dunha forma clara e transparente á sociedade.

Anualmente OSIMGA realiza informes xerais sobre o sector tic, as empresas, a poboación xeral e a administración electrónica. Ademais elabora informes derivados destes, centrados en temáticas máis específicas como o uso do software libre, o uso das tecnoloxías máis disruptivas nas empresas, tecnoloxías no rural, xénero, xuventude, autónomos no sector TIC ou Responsabilidade Social Corporativa no sector TIC.


Ademais, no 2024, realizáronse novas edicións de estudos temáticos puntuais sobre o uso das TIC das persoas maiores de 64 anos ("Seniors Dixtais"), os rapaciños e a mocidade ("Rapaciños Dixtais"), a análise específica de tecnoloxías disruptivas no sector TIC e as Empresas en Galicia, as

competencias dixitais da poboación galega, o informe da Ciberseguridade en Galicia., e por primeira vez o estudo “O Galego nas TIC”.

No 2024, tamén, colaborouse con cibergal para o deseño dunha enquisa sobre ciberseguridade, fíxose análise desagregada das competencias dixitais da cidadanía galega e as novas variables incluídas polo IGE na enquisa estrutural de fogares que permiten ampliar un ano máis a lista de indicadores difundidos. Fixéronse notas de prensa asociadas a cada un dos informes, e tamén se elaboraron para difundir resultados sobre uso das TIC e equipamentos en Galicia, de fontes externas coma o INE.

Ademais, en 2024, continuase apostando por novas canles de divulgación como o deseño e realización de vídeos-pílulas informativas tanto do OSIMGA e a súa labor, como as publicacións e informes destacados coma a Administración Dixital.

No 2024, tendo en conta as necesidades informativas da poboación, institucións e empresas, acerca da sociedade da información en Galicia, publicouse o cadro de mando do sistema de indicadores mediante unha ferramenta de Business Intelligence integrada na propia web do OSIMGA que permite xa a consulta interactiva de indicadores coa selección series temporais, gráficas, áreas xeográficas e rangos na consulta de información sobre os indicadores de Galicia Dixital.




Neste capítulo preséntase un balance dos principais indicadores de xestión do Observatorio e móstrase a evolución positiva que experimentaron, tanto o número de estudos e análises realizados como o incremento das consultas e visitas aos produtos e servizos que se ofrecen desde a web do OSIMGA. Todos os informes e indicadores son publicados na páxina web de OSIMGA, permitindo ser citados e compartidos baixo licencia Creative Commons.

O OSIMGA acada en 2024 a cifra de 42 informes na última anualidade, mantendo o elevado ritmo de publicacións dos últimos anos.


Respecto ao ano anterior, no 2024, incorpórase o informe “O uso do galego nas TIC en Galicia”. Non se realizou o estudo STEM nin da RSE no sector TIC, que se elaboran cada dous anos, pero publicouse unha nova edición da enquisa aos concellos, que tamén se publica cada dous anos.

Figura 2. Informes realizados



O OSIMGA comezou monitorizando en 2010 cen indicadores relativos ás TIC en diversos ámbitos: fogares, empresas, sector TIC e administracións. Actualmente, achéganse 972 indicadores avaliados anualmente polo OSIMGA que permiten atender ao singular perfil sociodemográfico existente en Galicia. Son 6 menos ca o ano anterior porque foi aprobado no novo proxecto técnico de sistema de indicadores, que aplicou unha revisión e actualización na que se eliminaron indicadores desactualizados ou saturados como: fogares con banda larga de máis dun Mgb, empresas con banda larga, porcentaxe de procedementos, subvencións e servizos da Xunta dispoñibles por internet, empresas que interaccionan coa administración por internet ou fogares con ordenadores. Moitos outros reformáronse para achegar información máis precisa medindo con precisión o número de interaccións da cidadanía coa xunta por internet, o número medio de dispositivos IOT dispoñibles nos fogares ou as conexións de máis de 100 Mb/s de velocidade.

Figura 3. Número de indicadores monitorizados



Unha das conclusións máis relevantes e positivas que se observan neste exercicio de autodiagnóstico que realiza o OSIMGA é o seguimento dos proxectos e actividades a través da súa web.

O OSIMGA analiza a información de actualidade procedente de entidades externas, extraendo os datos destacados relativos á Comunidade Galega e observando as últimas tendencias en materia de Sociedade da Información e dixitalización. O boletín electrónico informa trimestralmente dunha selección experta das experiencias e eventos de actualidade. A acollida deste servizo queda reflectido nos 3.328 subscritores cos que xa conta o boletín do Observatorio.

**OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA**

Boletín de noticias
3º trimestre de 2024


www.osimga.gal

Noticias

- Más del 92% de los gallegos y gallegas emplea internet y más de la mitad compra online
- El equipamiento tecnológico en los hogares gallegos con estudiantes en edad escolar supera en 20 puntos al resto
- Una de cada tres empresas gallegas de 10 o más personas empleadas permite el teletrabajo
- Los ayuntamientos gallegos con sede electrónica crecieron un 25% en los últimos seis años, hasta alcanzar prácticamente la totalidad

As novas e publicacións do OSIMGA tiveron ampla cobertura e impacto en medios galegos, aparecendo mencionadas en 42 medios e webs diferentes no último ano, contribuíndo así a difundir o coñecemento sobre a situación da realidade galega e a evolución das tecnoloxías dixitais en Galicia.

Figura 4. Número de subscritores do boletín trimestral




4- COMPROMISOS DO PLENO OSIMGA 2024

As actividades realizadas polo OSIMGA no ano 2024 tiveron como marco de referencia o Plan de Traballo aprobado no Pleno do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA).

O Pleno do Observatorio, celebrado o 25 de xuño de 2024, estivo presidido polo Director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia e integrado por representantes das distintas Administracións públicas e Universidades xunto con personalidades de recoñecido prestixio en materia da Sociedade da Información e de modernización administrativa.

A estrutura do Pleno levado a cabo no 2024 corresponde ao seguinte organigrama:

Figura 5. Estrutura do pleno OSIMGA



Neste Pleno, ademais de presentar a Memoria Anual de 2023 e aprobar o Plan de Traballo de 2024 do Observatorio da Sociedade Galega da Información e Modernización de Galicia.

Cabe salientar que no transcurso do Pleno, adquiriuse o **compromiso da planificación dun novo estudo e a actualización dos estudos temáticos novos desenvolvidos nos últimos dous anos** baseados na nova Estratexia Galicia Dixital 2030. As actualizacións de estudos versan sobre o estudo específico sobre o grao de "Competencias dixitais da cidadanía galega", "Rapaciños Dixitais", "Seniors Dixitais", "Tecnoloxías Disruptivas no sector TIC de Galicia" e "Tecnoloxías Disruptivas nas Empresas de Galicia". Como **novidade** dentro do Eixe Transversal "Especialización Tecnolóxica" realízase o estudo: "**O Uso do Galego nas TIC**", sendo o seu obxectivo principal coñecer a penetración do idioma galego no uso das TIC, incluíndo as principais actividades mediante dispositivos dixitais e en liña. A continuidade deste informe depende da inclusión do módulo do uso do galego nas TIC na enquisa estrutural a fogares, que soe aplicarse cada 4 ou 5 anos. Unha novidade para 2024 foi a participación no deseño dunha enquisa sobre ciberseguridade nas empresas e a actualización do proxecto técnico sobre a administración dixital da Xunta de Galicia, coa colaboración de varios departamentos de AMTEGA, que achegarán datos inmediatos, detallados e de gran calidade.

Figura 6. O Pleno do OSIMGA 2024





Informe de grao de avance da “Estratexia Galicia Dixital 2030 - EGD2030”




O cuarto ano da Estratexia Galicia Dixital 2030 mobilizou máis de 333 millóns de euros na transformación dixital da comunidade. Deste orzamento total, preto de 51 millóns de euros corresponden a capital privado.

No período 2021-2023, as actuacións postas en marcha derivaron na mobilización dun investimento total acumulado de máis de 886 M€, entre capital público e privado. O investimento público nos dous primeiros anos de execución da Estratexia supera os 658 millóns de euros.



Memoria de Actividade e Plan de Traballo de OSIMGA



AGENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLOXICA DE GALICIA

O Pleno do Observatorio do ano 2024 aprobou o Plan de traballo anual que describe as tarefas que van configurar o programa de traballo do Observatorio ao longo do ano seguinte e a Memoria de Actividades do ano 2023 que pode consultarse na web do OSIMGA www.osimga.gal

Estrutura do Plan.

Liña 1: Observacións de carácter xeral

Liña 2: Observacións de carácter temático

Liña 3: Operacións no marco do VI Plan Galego de Estatística 2022-2026

Liña 4: Servizo de Información

Liña 5: Colaboracións



Novas liñas de estudo executadas no ano 2024:

Entre as principais novidades do Plan de Traballo do Observatorio que se presentou para 2024 destacábanse os seguintes estudos aliñados coa Estratexia Galicia Dixital 2030:

- Estudo específico sobre o grao de competencias dixitais da cidadanía galega. Nova actualización.
- Análise específica das tecnoloxías disruptivas do sector TIC de Galicia.
- Análise específica das tecnoloxías disruptivas das empresas de Galicia.
- Estudo específico sobre as persoas maiores de 64 anos: "Seniors Dixitais".
- Estudo específico sobre os "Rapaciños Dixitais".
- Estudio específico sobre o "Uso do galego nas TIC".
- Finalización da renovación do Proxecto 4101-02-OE06: Galicia Dixital: sistema de indicadores.
- Renovación do Proxecto 4301-01-OE06: Estatística sobre a administración electrónica da Xunta de Galicia.
- Finalización da posta en marcha do cadro de mando do sistema de indicadores mediante unha ferramenta BI.
- Posta en marcha do novo deseño da páxina web.
- Elaboración de vídeos-pílulas informativas para presentar os principais informes de OSIMGA.
- Colaboración co Consello Galego das Mulleres na realización de estudos sobre a relación das galegas coas TIC e para coñecer o uso que fan da tecnoloxía e arbitrar medidas para evitar fendas de xénero neste ámbito.
- Colaboración con Cibergal para a realización do estudo "Estado da Ciberseguridade en Galicia. Edición 2024".

Estes compromisos adquiridos no Pleno OSIMGA foron executados nesta anualidade e preséntanse a continuación os seus resultados e conclusións.



No ano 2024, publicouse o informe “Uso do galego nas TIC” que se enmarca na liña estratéxica da EGD2030 “Eixe Transversal: Especialización Tecnolóxica”.

Este informe tiña tres obxectivos principais: (1) Coñecer a penetración do idioma galego no uso das TIC (2) Analizar o uso do galego nas TIC en función das características das persoas; (3) Avaliar a oferta de recursos galegos nas TIC.

O uso do galego entre os internautas galegos tivo un crecemento relativo do 31,4% nos últimos cinco anos. O 6,7% de galegos e galegas no 2023 navegan maioritariamente en galego na web. O 41% úsao nalgunha ocasión en internet, aínda que non sexa a principal.

O uso do galego está condicionado pola oferta. Cando hai opción de elixir a lingua, o 17,3% utiliza o galego sempre ou máis galego que castelán. Esta porcentaxe é máis do dobre entre os galegos falantes, co 37,4%. Para xerar, ver ou compartir contidos particulares (redes sociais), o descenso no uso do galego é claro, quedando no 17,4% en 2023 cando era do 26,3% en 2018.

O galego está máis presente cando se pode elixir o idioma de acceso a navegación (18,1%), ao comunicarse coa administración electrónica (17,7%) e na participación nas redes sociais (16,9%). O uso do galego para ver contidos audiovisuais a través de Internet é só do 3,4%, feito en relación coa escasa dispoñibilidade de contidos na nosa lingua nas principais plataformas audiovisuais. Con todo, a poboación que desexa que haxa máis contidos en galego en internet segue a ser maioritaria, co 51,4%. Este indicador nunca foi interior ao 50% dende que se mide.

Uso do galego en internet, das persoas que falan galego habitualmente

Entre a poboación galega que fala máis galego que castelán, o idioma maioritario para navegar é o galego no 15,3% dos casos. Para este colectivo, o uso do galego está máis presente como lingua maioritaria cando se participa nas redes sociais (42,8%) nas web en que se pode elixir o idioma de acceso á navegación (37,6%) e na administración electrónica (34,6%).

Perfil da poboación que utiliza o galego en internet

No 2023 son os homes, e as persoas con idades comprendidas entre os 25 e 34 anos e dos 40 aos 44 anos, os que máis utilizan o galego cando navegan por internet. Os galegos/as que teñen menos estudos e traballando son os que máis utilizan a lingua galega na navegación por internet acadando un 7,9% do uso nos galegos/as con estudos de secundaria ou inferior e o 7,3% das persoas ocupadas. Considerando as características territoriais, o galego na rede é mais empregado nos concellos galegos de menor tamaño. O uso do galego cando a páxina web ten a posibilidade de elixir está relacionada coas habilidades dixitais da poboación. Os valores por enriba do 20% están entre os 20 e os 44 anos e tamén na educación superior. O uso do galego onde se pode elixir a lingua na que se quere navegar é mais común entre as persoas ocupadas e cun nivel de ingresos superior.



O informe de Seniors Dixitais enmárcase no obxectivo da EGD2030 "2.1. A inclusión Dixital da Sociedade", onde a capacitación dixital de toda a cidadanía é un obxectivo prioritario e dará lugar a unha "Sociedade Dixital Inclusiva, promovendo as competencias dixitais para non deixar ninguén atrás".

Este informe é unha aposta por incluír na análise da dixitalización a toda a sociedade galega e comprobar en que medida está a evolucionar o proceso de dixitalización ata as idades máis avanzadas.

Dentro dos resultados do módulo de TICs da enquisa estrutural aos fogares, que realiza anualmente o Instituto Galego de Estatística (IGE), trátase da análise particular da poboación de idades mais avanzadas, de máis de 64 anos.

A porcentaxe de fogares galegos onde residen maiores de 74 anos e con acceso a Internet acadou en 2023 o 63,1%, que supón un crecemento dun 2,6% respecto ao ano anterior. Destes fogares con conexión a Internet, máis do 71%, contan cunha velocidade igual o superior aos 30Mbps.

Tendencias Dixitais dos Seniors

A porcentaxe de internautas galegos de 65 a 74 anos acada o 65,9% en 2023, cun incremento dun 10%. Só o 22,5% dos maiores de 74 son internautas, pero creceron un 11,9% no último ano.

O acceso a internet é case idéntico entre homes e mulleres de 65 a 74 anos pero a partir dos 74, os homes superan ás mulleres en máis de 6 puntos (26,1% e 20%). Sobe o número de maiores de 64 anos que utilizan o comercio electrónico ata o 19,8% dende os 65 anos e 16,2% dende os 75 pero están aínda moi lonxe da poboación menor de 65 (72,6%).

Máis do 43% dos maiores de 74 anos utilizou Internet para realizar xestións coas administracións públicas. Das persoas maiores que usan internet, o 55,4% usan a banca electrónica dos 65 os 74 e o 41,1% a partir dos 74. Dos 65 aos 74, o 49,1% de internautas xa concertou citas médicas, que foi o 36,7% no caso dos maiores de 74..

Equipamentos nos fogares

O estudo sinala que o 70,3% dos galegos de 65 a 74 anos xa usan o smartphone e tamén o fan preto dun 30% dos maiores de 74. Os ordenadores, son empregados por un terzo dos galegos e galegas de 65 aos 74 e por máis do 8% das persoas maiores de 74.



Análise específica das tecnoloxías disruptivas no sector TIC de Galicia



Nos compromisos do pleno do 2024, o OSIMGA incluíu elaborar un análise das tecnoloxías disruptivas no tecido empresarial TIC galego.

É a cuarta edición deste estudo, enmarcado dentro dos obxectivos da Estratexia Galicia Dixital 2030 (EDG2030), que inclúe entre os seus obxectivos, o impulso ás capacidades e infraestruturas dixitais en tecnoloxías disruptivas.

O obxectivo principal desta análise é identificar o grao de adopción da Intelixencia Artificial, aprendizaxe automática a través do Big Data, Chatbots, Cloud computing, etc.

Como principais resultados desta análise destácase que a tecnoloxía disruptiva con máis presenza nas empresas TIC galegas é a Internet das Cousas (36,5%). Encadrados nesta tecnoloxía están os sensores, etiquetas RFID ou IP, cámaras para a mellora do servizo e os medidores, lámpadas, e termóstatos intelixentes son os sistemas ou dispositivos que máis se utilizan no sector TIC galego.

No 2023, o uso da Intelixencia Artificial nas empresas TIC galegas é do 29,5%, cun crecemento do 5% respecto ao ano anterior e do 36,6% nos dous últimos anos.

O 29,5% das empresas TIC utilizan Intelixencia Artificial, as tecnoloxías máis empregadas polas empresas TIC galegas no 2023 son as tecnoloxías que "xeran linguaxe escrita ou falada" (46,1%) e as "tecnoloxías que realizan análise da linguaxe escrita ou minería de texto" (42,5%)

O 35% das empresas TIC analizan Big Data, o que supón un crecemento relativo do 9,7% respecto ao ano anterior. Entre as empresas que utilizaron Big Data, o 56,2% utilizou métodos de aprendizaxe automática ou machine learning.

O 27,5% das empresas TIC galegas utilizan ou incorporan aos seus produtos ou servizos Business Intelligence e o 24,8% emprega Chatbots.

https://www.osimga.gal/sites/default/files/fc_documentos/empresas_tic_disruptivas_2023.pdf



Análise específica das tecnoloxías disruptivas nas empresas de Galicia



No pleno do ano 2024, o OSIMGA comprometeuse a elaborar un análise das tecnoloxías disruptivas no tecido empresarial galego, sendo o segundo estudo desta temática, enmarcado dentro dos obxectivos da Estratexia Galicia Dixital 2030 (EDG2030), que inclúe entre os seus obxectivos, o impulso ás capacidades e infraestruturas dixitais en tecnoloxías disruptivas.

O obxectivo principal desta análise é identificar o grao de adopción da Intelixencia Artificial, aprendizaxe automático a través do Big Data, Chatbots, Cloud computing, etc.

No 2023, o 11,1% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia empregan IA, valor que segue a superar a media española. As empresas de 10 ou máis empregados con sede en Galicia quédanse no 7,4% de uso da Intelixencia Artificial. En ambos casos descende o uso desta tecnoloxía, ao igual que en España. Tamén baixa en 2023 o uso da Intelixencia Artificial nas de menos de 10 empregados/as, o uso queda no 2,2%, fronte ao 5,8% no resto de España.

Nas empresas de menos de 10 empregados, a IA utilízase case en exclusiva para tarefas de loxística (19,1%) e márketing ou vendas (15,2%). As grandes empresas utilizan a IA en múltiples tarefas, destacando sobre todo os "Procesos de produción" e "Loxística", con valores próximos ou superiores ao 40%.

As solucións de IA máis empregadas polas empresas con 10 ou máis traballadores/as son as de "automatización de fluxos de traballo", ou "análise de datos (aprendizaxe automática)", mentres que entre as microempresas que utilizan IA, a solución que máis sobresaí é "conversión de linguaxe falada en formato lexible para a máquina". A segunda solución de IA máis utilizada polas microempresas é a "identificación de obxectos ou persoas en función de imaxes" cun 41,7%.

O uso de cloud computing mantívose estable respecto ao ano anterior. Úsano as empresas de 10 ou máis empregados con sede ou actividade en Galicia nun 31%, a menos dun punto porcentual do estado, co 31,7%. As empresas de menos de 10 traballadores apréciase un retroceso no último ano, que pasou do 12,3% ao 7,2%. O recurso máis utilizado é o e-mail. Entre as grandes empresas ocupa o segundo posto o almacenamento de ficheiros e o terceiro os servidores de bases de datos. Nas microempresas, o almacenamento de ficheiros ocupa o terceiro posto, no segundo está o "Software Office" (65,8%).

Fonte: <https://www.osimga.gal/gl/informes/tecnoloxias-disruptivas-nas-empresas-de-galicia-edicion-2023>



Colaboración co Consello Galego das Mulleres nun estudo sobre a relación das galegas coas TIC

A Amtega, a través do Osimga, colaborou co Consello Galego das Mulleres facilitando indicadores informando da publicación dos estudos específicos que estivesen centrados na perspectiva de xénero como son "Mulleres en dixital: o uso das TIC desde unha perspectiva de xénero" e "As mulleres no sector TIC".

De todos os xeitos, hai que indicar que Osimga, tal e como marcan as boas prácticas estatísticas sobre xénero, procura facilitar todas as estatísticas desagregadas por mulleres e homes para achegar unha visión crítica sobre as posibles desigualdades ou fendas na dixitalización na sociedade e nas empresas.



Colaboración co Cibergal nun estudo sobre a Ciberseguridade en Galicia



O Observatorio elaborou o informe completo. CIBERGAL.gal contribuíu achegando comentarios e análises expertos para incluír no informe no marco das iniciativas do Nodo CIBER.gal e en colaboración co OSIMGA.

Este documento compila e analiza os indicadores relacionados coa seguridade da información dispoñibles nas fontes de información oficiais do Instituto Nacional de Estadística (INE), o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o OSIMGA.

Este estudo achegou unha visión xeral do grao de adopción da ciberseguridade na cidadanía galega, na Administración Pública de Galicia e nas empresas da Comunidade.

Ademais contribuíuse activamente no deseño e o impulso dunha enquisa sobre ciberseguridade ás empresas galegas.

No ano 2024 deseñouse a metodoloxía da enquisa, construíndo un cuestionario que permitise medir a presenza das medidas de protección máis relevantes contra os incidentes de ciberseguridade nas empresas e detectar a incidencia das diferentes ameazas.

Ao longo de 2025 realizará o IGE o traballo de recollida de datos para analizalos e extraer o informe a finais do ano.

Fonte: <https://www.osimga.gal/gl/informes/o-estado-da-ciberseguridade-en-galicia-edicion-2023>



Aprobación do Proxecto 4101-02-OE06: Galicia Dixital: Sistema de Indicadores

No transcurso desta anualidade aprobouse de forma definitiva a reforma do proxecto técnico do sistema indicadores sobre GALICIA DIXITAL analizando os que se difunden actualmente para mellorar e ampliar o listado, e que acheguen unha visión máis completa e actualizada da Sociedade da Información en Galicia.

Para elo analízanse os obxectivos a seguir segundo a EGD2030 e os indicadores que poderían dar conta deles, procedendo de fontes fiables e dispoñibles con regularidade. O proxecto técnico levouse a cabo en coordinación co IGE.

Tras a súa aprobación, no último trimestre do ano, aplicouse xa no sistema de indicadores que se publican a final do ano.



Renovación do Proxecto 4103-01-OE06: Estatística da administración electrónica na Xunta de Galicia

No transcurso desta anualidade estase a revisar os indicadores da estatística da administración electrónica na Xunta de Galicia. Analizáronse e engadíronse novos indicadores dispoñibles que acheguen unha visión máis completa e actualizada da Sociedade da Información en Galicia. Mantivéronse reunións con diferentes departamentos para coñecer novas formas de medir a dixitalización da administración pública, tanto dende o lado da oferta (servizos ofrecidos) como da demanda (uso da cidadanía).

Para elo analízanse os obxectivos a seguir segundo a EGD2030 e os indicadores que poderían dar conta deles, procedendo de fontes fiables e dispoñibles con regularidade.

Deste xeito, nunha administración cos servizos ao cidadán e ás entidades plenamente dispoñibles por internet pasouse a establecer medidas do uso e da calidade destes servizos, comprobando o grao de automatización, interacción e aplicación de novas tecnoloxías.

O proxecto técnico desenvolveuse en coordinación co IGE.



Posta en marcha do cadro de mando do sistema de indicadores mediante unha ferramenta BI

En coordinación coa renovación dos proxectos técnicos dos indicadores da sociedade da información despregouse unha nova ferramenta baseada nas tecnoloxías de Business Intelligence para a súa difusión.

Os indicadores pódense xa consultar de forma permanente nunha ferramenta dinámica e interactiva de consulta de datos.

Acceso ao cadro de mandos:

CUADRO DE MANDOS



<https://www.osimga.gal/gl/cadro-de-mandos>



Vídeos – píulas informativas para presentar os principais informes do OSIMGA

Vídeo presentación do Observatorio

Descrición das metas, a organización, a forma de traballar, os recursos e as funcións que desenvolve OSIMGA, presentadas nun formato audiovisual.



O OSIMGA, tentando chegar cada vez a máis ámbitos sociais na súa difusión da información sobre o estado e o retos de Galicia Dixital, continua a empregar en 2024 unha ferramenta iniciada en 2023, coa produción de vídeos duns dous minutos, relacionados coas temáticas dos distintos informes, amosando os principais resultados.

Creouse unha nova sección na web OSIMGA.GAL onde se van colgando vídeos explicativos dos resultados dos informes realizados polo

Observatorio. Presentan datos destacados das estatísticas e informes da sociedade dixital que se vaian publicando. A sección está accesible dende o menú principal de OSIMGA.GAL.

As temáticas dos vídeos de 2024 foron "A Administración dixital na Xunta de Galicia", "Competencias dixitais da poboación galega", "Informe sobre as empresas do sector TIC en Galicia", "Galicia, a nosa vida en dixital. A sociedade da información nos fogares galegos." e "Informe sobre a modernización tecnolóxica no rural".

<https://www.osimga.gal/gl/listado-videos>



5- ACTUACIÓNS E PROXECTOS


Durante o ano 2024, co fin de contribuír á definición estratéxica das políticas públicas na materia, o Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) desenvolveu unha ampla actividade prospectiva, elaborando informes de situación, de evolución e distintas análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.

A continuación, preséntanse todos os proxectos realizados polo OSIMGA ao longo do ano 2024, organizados en base a cinco liñas de actuación estratéxicas. Para cada un dos proxectos identificados expoñerase a súa descrición e características máis relevantes.

Todos os informes de carácter xeral e os estudos temáticos do OSIMGA distribúense libremente na Rede baixo licenza Creative Commons e poden consultarse na web do Observatorio www.osimga.gal




Liñas de actuación estratéxicas



5.1.-LIÑA 1: Informes de carácter xeral

O OSIMGA continúa a análise da evolución do equipamento e uso das TIC nos principais colectivos socioeconómicos de Galicia: os fogares e a cidadanía, as empresas, o sector TIC e a Administración.



5.1.1.-Fogares

A contratación de internet crece en tres anos máis dun 20% nos fogares dos concellos galegos de menos de 5.000 habitantes



- A porcentaxe de fogares con internet contratado nos concellos de menos de 5 mil habitantes roza o 90%, aproximándose ao 94,3% da media galega.
- Tamén se rexistrou un importante aumento na porcentaxe de fogares con conexión a Internet de máis de 100 Mbps, situándose no 44,8% en 2023 fronte ao 27,2% que rexistraba no ano 2020.
- O uso de internet entre as persoas de 65 a 74 anos increméntase en máis dun 27% entre 2020 e 2023.
- Preto de 64% dos galegos e galegas merca online e máis do 78% dos internautas empregan a banca electrónica
- O número de internautas aumenta 2,5% respecto ao ano anterior. O 91,5% dos galegos e galegas de 16 a 74 anos utilizaron Internet nos últimos tres meses, o que implica un incremento de 70.070 internautas nos últimos catro anos.
- A fenda dixital en función da idade está a diminuír ano tras ano, e é importante destacar un notable aumento no nivel de dixitalización entre as persoas de 65 a 74 anos, cunha porcentaxe de usuarios de internet do 65,9%.
- No que respecta á administración electrónica, o 85,2% dos internautas empregárona para buscar información e o 80,8% enviaron formularios cubertos ás Administracións Públicas a través da Rede, cun incremento do 3,1% respecto á edición anterior.
- Ademais, respecto a outros usos de internet o estudo sinala que o 98,5% dos galegos e galegas que emprega internet usa mensaxería instantánea; o 88,6% busca información sobre bens e servizo; o 86,6% recibe ou envía correos electrónicos, o 81,7% le noticias, xornais ou revistas en liña, un 79,6% realiza chamadas por internet ou videoconferencias; e un 78,4% emprega a banca electrónica.

Este informe foi realizado no marco do **convenio asinado entre a Amtega e o IGE**, a partir dos datos recollidos na "Enquisa Estrutural a fogares" e posteriormente analizados polo OSIMGA, co fin de avaliar a evolución da penetración das novas tecnoloxías na sociedade galega.

O estudo analiza a información **subministrada en 2024 con datos de 2023 onde se recolle a información de 7.771 fogares e 15.481 persoas de 16 a 74 anos** e permite datos desagregados por subconxuntos de idade, sexo, áreas xeográficas, hábitat, número de membros do fogar, convivencia no fogar con nenos/as, ingresos do fogar, nivel de estudos e situación socio-laboral, obtendo unha perspectiva comparada dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia.

Durante o ano 2024 desenvolveuse a recollida de datos dunha nova edición da enquisa. Os resultados desta enquisa publicaranse durante o mes de xullo do 2025 segundo coordinación da publicación deste estudo co IGE.

<https://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-nosa-vida-en-dixital-edicion-2023>

5.1.2.-Empresas

- O 13,1% das empresas con 10 ou máis traballadores/as que teñen sede ou desenvolven actividade en Galicia fan uso da Intelixencia Artificial, superando en 3,5 puntos porcentuais a media do conxunto do Estado.
- No último ano, nas microempresas, o uso da Intelixencia Artificial incrementouse máis de 3 puntos, pasando do 2,2% ao 5,3% no conxunto das empresas.
- Mantense estable a porcentaxe de empresas con especialistas TIC que emprega mulleres especialistas TIC. Acadan o 52,5% nas grandes empresas galegas.
- O 20,5% das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as, contan con persoal de perfil TIC, superando a media estatal (15,7%).
- As vendas por comercio electrónico mantéñense estables, destacando un lixeiro aumento nas microempresas, que pasan do 11,8% ao 12,5% (+5,9%).
- Incrementábase nun 17,7% a porcentaxe de empresas de 0 a 9 traballadores/as con sede e actividade en Galicia que teñen velocidade contratada maior o igual que 100 Mb/seg, pasando do 58,9% ao 69,3% das empresas no

último ano. A información que se presenta procede da "Enquisa sobre o uso de TIC e do comercio electrónico nas empresas. Ano 2023 - Primeiro trimestre do ano 2024" do Instituto Nacional de Estatística (INE) e foi facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE), en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a Amtega, o IGE e o INE.

Ademais, o devandito convenio permite a ampliación de datos referidos a:

1. Microempresas.
2. Indicadores de comercio electrónico.
3. Datos específicos das empresas multilocalizadas. Diferenza entre empresas con sede fóra de Galicia e que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Galega, daquelas con sede e actividade en Galicia.

Galicia supera a media estatal no uso da intelixencia artificial nas grandes empresas con sede ou actividade en Galicia



<https://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-economia-en-dixital-sociedade-da-informacion-nas-empresas-de-galicia-edicion-2024>

5.1.3.-Sector TIC

- O emprego no sector TIC crece un 2,3% no último ano, e xa xera 23.467 empregos directos en Galicia.
- O Valor engadido bruto (VEB) do sector TIC galego foi de máis de 1.806 millóns de euros, o 2,53% do PIB total de Galicia.
- O 38,3% das empresas tecnolóxicas galegas usan a Intelixencia Artificial, co que crece un 29,8% no último ano.
- No último ano, tamén consolídase a Internet das Cousas que sigue a incrementar a súa presenza nas TIC galegas acadando o 36,6% (+0,3% respecto ao ano anterior). O Big Data mantén a súa presenza, co 35%.
- O sector TIC precisa persoal altamente cualificado, o 40% ten titulación superior de enxeñerías, ciencias, matemáticas ou informática.
- A porcentaxe de empresas TIC que venden os seus produtos a través do comercio electrónico no último ano acada o 33,4%, o que supón un crecemento relativo do 2,5% respecto ao ano anterior.
- O peso das vendas a través do comercio electrónico respecto ao volume de negocio das empresas TIC permanece estable, situándose nun 54,4%.

No 2024, o uso da Intelixencia Artificial nas empresas TIC galegas é do 38,3%, cun crecemento do 29,8% respecto ao ano anterior.



Son datos recollidos no informe “Galicia dixital: o sector TIC de Galicia”, correspondente ao ano 2024, publicado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), en base aos últimos datos rexistrados do sector e a unha enquisa realizada entre maio e xuño de 2024, recollendo indicadores novos respecto a edicións anteriores sobre ciberseguridade e novas tecnoloxías disruptivas.


Este é un estudo de referencia do sector empresarial TIC galego que realiza OSIMGA, incluído no Plan Galego de Estatística 2022-2026. Presenta información directa de 443 empresas tecnolóxicas galegas.

<https://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-dixital-o-sector-tic-en-galicia-edicion-2024>

5.1.4. Administración dixital

A Administración dixital na Xunta de Galicia:

Crece máis dun 8% o uso da sede electrónica, que rexistrou 1,4 millóns de trámites en 2023



- Galicia supera a media estatal nos indicadores de uso da administración electrónica nos fogares. O 80,2% dos internautas galegos contactaron coas administracións por Internet ou unha aplicación no último ano.
- Máis do 64% dos internautas galegos concerta citas ou reservas online e o 63,5% fai algunha interacción relacionada co accesos á información. O que si crece con claridade é a presentación de impostos online, que pasou de realizar o 23% dos internautas galegos ao 35,1% en 2024, un crecemento do 53%.
- O 99,5% de axudas e subvencións poden solicitarse por vía electrónica.
- 2.130 procedementos puideron iniciarse de xeito electrónico, 161 procedementos máis que o ano anterior, un crecemento do 8,2%. Destes procedementos, 1.455 estaban dirixidos aos cidadáns.
- A sede da Xunta recibiu máis de 8,2 millóns de visitas en 2023. O número total de usuarios activos en Chave365 en 2023 ascendeu a 1.511.441.

Fonte: <https://www.osimga.gal/gl/informes/administracion-dixital-na-xunta-de-galicia-2024>

Estatística da administración dixital nos concellos de Galicia:

- Un 97% das entidades municipais contan cun portal de transparencia, o que implica un crecemento do 2,4% con respecto a 2021
- Dous de cada dez concellos galegos dispoñen de sistemas de Internet das Cousas para xestionar dotacións como o alumeadado público, o rego ou o subministro de auga
- Un 25,9% dispoñen de servizos de computación na nube

Os concellos galegos con sede electrónica creceron un 25% nos últimos seis anos, ata acadar practicamente a totalidade



Fonte: <https://www.osimga.gal/gl/informes/o-software-libre-nos-concellos-de-galicia-edicion-2023>

5.2.-LIÑA 2: Estudos temáticos

No ano 2024 o OSIMGA tamén publicou diversos estudos monográficos. Teñen o obxectivo de avaliar un ámbito específico de interese relacionado coas tecnoloxías da información e da comunicación, así como servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030.

Os estudos monográficos do Observatorio elaboráronse a partir da extracción sistemática da información sectorial contida nos informes de diagnóstico do Observatorio, a partir de novas enquisas ou análises cualitativas dun sector, ou ben, a partir da recompilación da documentación e datos existentes en fontes de información externas.

A continuación preséntanse as áreas temáticas e colectivos específicos analizados polo OSIMGA no ano 2024. Para cada unha destas áreas estratéxicas de interese, realizouse un estudo temático do que se expoñen a súa descrición e características máis relevantes.




5.2.-LIÑA 2: Informes de carácter temático

5.2.1.- Galicia Dixital: a modernización tecnolóxica no rural

A contratación de internet de banda larga no rural segue crescendo e supera xa o 90% dos fogares.

- A práctica totalidade (99,9%) dos fogares con estudantes dispoñen de internet e a porcentaxe baixa ata o 74,3% nos fogares nos que vive unha soa persoa
- O uso de dispositivos electrónicos supera o 95% en todos os tramos de idade entre 16 e 54 anos, e baixa ao 60,4% no caso das persoas de entre 65 e 74 anos.

2. 2. 3. Contratación de Internet e banda larga no rural: áreas



Os obxectivos que persigue este estudo son avaliar a contratación de Internet e o uso das TIC no medio rural galego, a partir de datos obtidos no marco do convenio asinado co IGE.

Así, este estudo utiliza como fonte de información a Enquisa Estrutural a Fogares que realiza o Instituto Galego de Estatística e a clasificación do grao de urbanización definida polo IGE, incluíndose como variable de análise a dispersión territorial na relación coa Sociedade da Información.

Fonte: <https://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-dixital-modernizacion-tecnologica-no-rural-edicion-2023>

No seguinte gráfico pódese observar o desenvolvemento metodolóxico aplicado polo IGE na definición de ruralidade



5.2.2.-Mulleres en Dixital: O uso das TIC desde unha perspectiva de xénero

As mulleres de Galicia de entre 45 e 64 anos utilizan máis internet que os homes.



- O 91,7% das mulleres galegas declara que utilizou a rede nos últimos tres meses, fronte ao 91,3% dos homes.
- O 93,1% das mulleres usaron dispositivos electrónicos conectables a internet, unha porcentaxe que tamén é superior ao do seu uso por parte dos homes
- Tamén utilizan máis o comercio electrónico ata os 44 anos, pero a partir desa idade cambia a tendencia
- As mulleres declaran usar internet máis ca os homes para buscar emprego, actividades relacionadas coa saúde e, en xeral, a administración electrónica.

Este estudo ten coma obxectivos analizar comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso ás tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia, así como estudar a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo, seguindo os eixos do Plan de Inclusión Dixital de Galicia.

Os datos indican que as diferenzas por xénero na frecuencia de uso de internet e dispositivos electrónicos en Galicia son mínimas, pero no 2023 adiantáronse as mulleres, xa que navegaron por internet o 91,7% nos tres meses previos á enquisa, fronte ao 91,3% de homes.

O incremento no uso de internet por parte das mulleres é a tendencia tanto en Galicia como no resto de España. No caso galego, o aumento foi dun 4,4% entre 2020 e 2023. A distancia por xéneros en Galicia (0,4) é moi similar á da media española (0,3). En ambos casos, a dixitalización por parte das mulleres supera lixeiramente á dos homes.

O uso do comercio electrónico en Galicia amósanos unha lixeira vantaxe de 2 puntos porcentuais por parte dos homes. A idade é un factor condicionante á hora de adquirir un ben ou servizo en liña. Así, nesta edición obsérvase que, entre os menores de 44 anos, son as mulleres as que máis utilizan a Rede como canle de compras, superando en máis de 3 puntos aos homes.

As mulleres realizaron máis actividades de aprendizaxe na rede que os homes, tanto comunicarse con profesores e alumnos (+ 6,3) coma realizar cursos (+2,9). Tamén usan máis internet as mulleres ca os homes para concertar unha cita médica, cunha diferenza de case dez puntos (71,7% fronte a 61,9%). Tamén buscan máis información sobre saúde e acceden a arquivos persoais ou a outros servizos de saúde a través dunha páxina web (55,8% fronte ao 45,8%). Superan en ambos casos nuns 10 puntos porcentuais aos homes.

<https://www.osimga.gal/gl/informes/mulleres-en-dixital-o-uso-das-tic-desde-unha-perspectiva-de-xenero-edicion-2024>

5.2.3.-Software libre nas empresas TIC de Galicia

Catro de cada cinco empresas tecnolóxicas de Galicia utilizan software libre



- Máis da metade das empresas tecnolóxicas declaran que adoitan usar máis o software libre que o privativo.
- O 47,3% das empresas tecnolóxicas que venden aplicacións ofertaron software libre en 2023.
- Os produtos máis ofertados en software libre son para a “Xestión de negocio”, “Sistemas, servizos de virtualización, servidores e aplicacións na nube” e “Xestión de contidos, páxinas web, e márketing dixital”.

A través da Amtega, a Xunta de Galicia, xunto cos principais axentes do software, elabora un Plan anual para incentivar e difundir o software libre na Administración, nas empresas e entre a cidadanía. Entre as actuacións do devandito Plan figura a análise dos principais indicadores de software libre. Así a elaboración deste estudo responde aos compromisos asumidos neste Plan e difunde os resultados da implantación e uso do software libre e o papel das empresas TIC como provedoras de software libre en Galicia.

Os datos proceden da enquisa a empresas TIC que realiza OSIMGA.

Fonte: <https://www.osimga.gal/gl/informes/o-software-libre-nas-empresas-tic-de-galicia-en-2023>

5.2.4.-Galicia Dixital: Software Libre nas Empresas de Galicia

No 2023, continúa a reafirmarse a importancia que ten a utilización do software libre nas microempresas de 0 a 9 empregados/as, onde 69,4% emprega solucións libres.

- As tipoloxías de software libre que máis presenza teñen nas empresas galegas son os navegadores de Internet, as Aplicacións Ofimáticas e os Sistemas Operativos.
- Os navegadores de Internet son o recurso de código aberto que máis destaca nas empresas galegas. Nas empresas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia está presente no 96% das empresas que dispoñen de ferramentas de código aberto e nas microempresas nun 95,4%.
- As aplicacións ofimáticas libres utilízanse nun 62,1% nas microempresas. Nas empresas de 10 ou máis empregados/as con sede na nosa comunidade o uso destas ferramentas acada o 72,6%.
- Os sistemas operativos libres están presentes no 45,3% das microempresas galegas. Aparecen tamén nun 52,2% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede ou actividade en Galicia.

Case nove de cada dez empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia (85,3%) empregan software libre.



Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración asinado entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE), para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nas empresas galegas. Este acordo de colaboración asinado proporciona unha ampliación dos indicadores de Software libre para Galicia.

Os datos proceden principalmente da explotación a Enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas que realiza o INE.

Fonte: <https://www.osimga.gal/gl/informes/o-software-libre-nas-empresas-de-galicia-2023>

5.2.5. As Mulleres no Sector TIC.

O Sector TIC rexistrou 7.098 mulleres afiliadas á Seguridade Social, o que supón o 31% dos traballadores/as do sector, no ano 2023.



XUNTA DE GALICIA

- No 2023, 9.529 mulleres ocuparon postos de traballo en empresas do Hipersector TIC galego, o que representa o 33,4% dos empregos.
- No Sector Contidos, as mulleres contan cunha maior representación, 43,2%, o que reduce a fenda de xénero a 13,6 puntos porcentuais.
- Maior número de mulleres traballadoras no Sector TIC rexístrase en empresas dedicadas ás Actividades informáticas. Neste subsector empregáronse 4.742 traballadoras no ano 2023 (+8,1% respecto ao ano anterior).
- No Sector Contidos o número de mulleres traballadoras acada no 2023 as 2.431, o que supón un incremento do 4,8% dende o 2022.
- A evolución da presenza da muller no subsector contidos aumenta no último ano case un punto ata 43,2% tras permanecer moi estable arredor do 41,5% dende 2015.
- En canto aos roles nas empresas, a muller segue a estar infrarrepresentada nos postos de liderado, pero sobre todo nos postos técnicos, os máis numerosos na empresa. O 54,1% do persoal son homes en tarefas técnicas, por só o 15,3% de mulleres técnicas.

Este estudo ten coma obxectivos presentar datos actualizados sobre a presenza das mulleres galegas no Hipersector TIC, en xeral, e no Sector TIC e Sector Contidos, en particular.


Tamén serve para identificar as súas funcións e roles no cadro de persoal das empresas e analiza o nivel de formación das mulleres galegas nas empresas TIC.

A información analizada provén da enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas e das afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE ao OSIMGA, procedentes da Seguridade Social.

Fonte: <https://www.osimga.gal/gl/informes/mulleres-no-sector-tic-edicion-2023>


5.2.6.-O Hipersector TIC

No 2023, o Hipersector TIC incrementou o número de traballadores/as ata os 28.556 empregados/as, o que supón un crecemento do 4,7% dende o ano anterior.



- No último ano, o número de empresas do Hipersector TIC en Galicia incrementouse un 4,2% ata acadar as 4.170 empresas.
- Por terceiro ano consecutivo, o incremento do emprego no Hipersector TIC ven encabezado polo emprego feminino, cun crecemento do 6,1% no 2023.
- Valor engadido bruto (VEB) do Hipersector TIC galego aumentou un 1,4% no último ano e supera os 2.005 millóns de euros. Este incremento produciuse principalmente no sector TIC onde o VEB supera os 1.753 millóns de euros, cun crecemento do 0,7% no último ano.

Empresas do Hipersector TIC por áreas comarcais



O estudo do Hipersector TIC en Galicia ten por obxecto coñecer a situación actual e a evolución das actividades que compoñen o Sector das Tecnoloxías da Información (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais.

Para determinar estas actividades considerouse como referencia os traballos desenvolvidos pola OCDE e o INE nos que se definen os sectores económicos encadrables dentro da categoría TIC ou Contidos.

<https://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-dixital-o-hipersector-tic-en-galicia-edicion-2024>

5.2.7.-A sociedade da Información e os Autónomos de Galicia



Durante o ano 2023 incrementouse o uso de ordenadores entre traballadores autónomos/as nun 4,1% respecto ao ano anterior.

- 54,4% dos autónomos/as conta cunha velocidade de conexión a Internet superior aos 100 Mbps (+3% respecto ao ano anterior).
- No 2023, o 8,6% dos autónomos/as galegos/as venderon a través da Rede, o que representa un incremento do 115% con respecto ao ano 2019.
- 2,6% dos/as autónomos/as galegos/as empregan intelixencia artificial no 2023.
- Entre as solucións de IA empregadas polos autónomos/as destacan as solucións de IA que converte a linguaxe falada en formato lexible por unha máquina (100%), de análise da linguaxe escrita (36,7%), e as IA que xeran linguaxe escrita ou falada (36,7%).
- Respecto dos servizos de Cloud Computing, o 5,1% comprou este tipo de servizos no ano 2023.

Este estudo analiza comparativamente o uso da Sociedade da Información por parte dos autónomos/as galegos/as respecto do resto de formas societarias e do conxunto das microempresas.

Este informe constitúe un elemento de diagnóstico para avaliar e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións focalizadas nos autónomos/as.

Fonte: <https://www.osimga.gal/gl/informes/sociedade-da-informacion-e-osas-autonomos-de-galicia-2023>

5.3.-LIÑA 3: Proxectos en colaboración co IGE e no marco do VI Plan Galego de Estatística 2022-2026

Durante o ano 2024, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través do OSIMGA e o Instituto Galego de Estatística (IGE), desenvolveron varias liñas de colaboración no que se refire á coordinación da realización das enquisas no ámbito dixital, atendendo aos criterios de máxima eficiencia e eficacia na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

Algúns resultados desta intensa colaboración entre a Amtega, a través do OSIMGA e o IGE son:

O OSIMGA deu cumprimento a todos os compromisos asumidos no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024 e obtivo un 100% de execución nos seus proxectos estatísticos.



No ano 2020, **renováronse os dous Convenios de Colaboración entre a Amtega, o IGE e o INE** para a optimización das operacións estatísticas nos fogares e nas empresas por un período de catro anos, prorrogables por outros catro anos máis. Esta cooperación afianza a eficiencia e a rigorosidade da estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica na área das tecnoloxías da información e consolida a calidade dos indicadores existentes no ámbito dixital.

Os proxectos desenvolvidos en colaboración co IGE e as operacións e actividades estatísticas cuxa responsabilidade de execución recaeu na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a través do OSIMGA durante o ano 2024 son os seguintes:

Código	Proxectos en colaboración co IGE e Operacións e actividades estatísticas do VI Plan Galego de Estatística
Convenios de colaboración entre a Amtega, o IGE e o INE para a optimización das operacións estatísticas nos fogares e nas empresas	
4106-01-AE06	Galicia dixital: a modernización tecnolóxica no rural.
4101-02-OE06	Galicia dixital: Sistema de indicadores
4102-01-OE06	Galicia dixital: o sector TIC de Galicia
4103-01-OE06	A administración dixital na Xunta de Galicia
4103-02-OE06	Estatística da administración dixital nos Concellos de Galicia
4102-02-AE06	Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia

A continuación, preséntase unha breve descrición dos proxectos desenvolvidos en colaboración co IGE e o INE.

5.3.1.- *Convenio de Colaboración entre Amtega, o IGE e o INE.*

Unha importante liña de traballo do OSIMGA é a colaboración establecida co Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nos fogares e nas empresas de Galicia, e que frutificou coa firma dun convenio de colaboración entre estas entidades. Durante o ano 2020, renovouse esa cooperación para os seguintes catro anos, con posible prórroga de catro anos máis.

Isto tradúcese nun aval para os traballos do OSIMGA, que garante unha metodoloxía rigorosa de captación e tratamento dos datos, a exactitude e fiabilidade da información para divulgar e a precisión e coñecemento dos indicadores relativos á Sociedade da Información en Galicia.

Esta colaboración permite a inclusión anualmente dun conxunto de indicadores relativos á Sociedade da Información nos fogares galegos na “Enquisa Estrutural a Fogares” que realiza o IGE, o que evita duplicidades, e supón un aumento de mostra das enquisas a fogares respecto ao número de enquisas que facía o OSIMGA.

O convenio tamén contempla a obtención, a través do IGE, dunha ampliación dos datos da “Enquisa de uso das TIC e comercio electrónico nas empresas” do INE, especialmente no referido ás empresas multilocalizadas, é dicir, empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na nosa Comunidade, así como datos de comercio electrónico e microempresas galegas.

5.3.2.-[4106-01-AE06] Galicia Dixital: a modernización tecnolóxica no rural



AVENIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓGICA DE GALICIA


Este proxecto avalía de xeito específico a sociedade dixital no medio rural galego.

Este estudo utiliza a clasificación do grao de urbanización definida polo IGE e baseada, á súa vez, na metodoloxía empregada por Eurostat.

5.3.3.-[4101-02-OE06] Galicia Dixital: Sistema de Indicadores

Cumprindo o programa estatístico anual para o ano 2024, o Observatorio publicou en decembro unha edición actualizada do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

O Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia está composto por 33 indicadores que permiten monitorizar a evolución da penetración e uso das tecnoloxías nos seguintes ámbitos: poboación, empresas, sector TIC e administración electrónica. Ademais, achega información sobre o ritmo de crecemento nos últimos catro anos.



https://www.osimga.gal/sites/default/files/documentos/si2024_indicadores.pdf

5.3.4.-[4102-01-OE06] Galicia Dixital: o sector TIC de Galicia



Dende o ano 2010 o OSIMGA realiza a Enquisa ás Empresas TIC de Galicia, a única enquisa oficial neste sector específico, incluída no Plan Galego de Estatística 2022-2026.

O proxecto técnico desta operación estatística foi aprobado polo Consello Galego de Estatística, outorgando así un aval de calidade e certificando a rigorosidade deste estudo realizado anualmente polo OSIMGA.

5.3.5.-[4103-01-OE06 e 4103-02-OE06] A Administración electrónica na Xunta de Galicia e nos concellos galegos




En 2024, cumprindo os compromisos do Plan Galego de Estatística, 2022-2026 publicouse o informe sobre a Administración Electrónica na Xunta de Galicia e o informe da Administración electrónica nos Concellos de Galicia.

5.3.6.-[4102-02-AE06] Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia

O propio Observatorio presenta a condición de actividade estatística e adquire o compromiso de publicar unha selección de indicadores relativos ás empresas e microempresas galegas, converténdose na única fonte de información que publica estes datos estatísticos específicos para Galicia.



5.4.-LIÑA 4: Sistema de información e vixilancia



O Decreto 21/2010 define o OSIMGA como órgano asesor e como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información en Galicia.

Durante o ano 2024, o Observatorio ofreceu á sociedade galega a través da súa web información actualizada sobre o grao de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.

5.4.1- Web OSIMGA www.osimga.gal



A web do OSIMGA púxose en marcha no ano 2011. Ao longo destes anos producíronse moitos cambios e avances tecnolóxicos na forma de visualizar e presentar a información e no xeito de acceder á ela por parte dos usuarios finais (tablets, móbiles, etc.).

A web do OSIMGA permite a navegación dende diferentes dispositivos, dispoñendo en todos eles do mesmo aspecto visual e adaptado ao dispositivo (deseño responsive).

No ano 2022 adaptouse a web de OSIMGA á nova imaxe corporativa da Xunta de Galicia, incorporando logos, tipografías e códigos de cores adaptados á última actualización. En 2025 aplicáse unha renovación completa da imaxe e funcionalidades da web.

En 2023 creouse a nova sección de Vídeos, para organizar e agrupar as pímulas divulgativas asociadas a algúns dos informes publicados. Ademais creouse un espazo para que os propios vídeos se publicasen anexos

aos informes aos que fan referencia. Estas pímulas informativa alóxanse na canle de YOUTUBE de AMTEGA, nunha lista de reprodución específica de OSIMGA.

Tamén se creou un subapartado dentro de "Estatísticas" para a difusión dos indicadores de "Tecnoloxías dixitais avanzadas nas empresas", tendo así un espazo exclusivo. Ata o de agora víñanse publicando xunto ao informe de uso das TICs nas empresas.



Tecnoloxías dixitais avanzadas nas empresas

A actividade estatística 4102-02AE06 consiste na difusión estatística de indicadores sobre as tecnoloxías da información nas empresas de Galicia que utiliza como fonte de datos a Enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas que realiza o INE anualmente. Este organismo facilita a AMTEGA as tabulacións de resultados coas desagregacións para as empresas con sede ou actividade en Galicia grazas a un acordo de colaboración co IGE.

Pódese consultar a metodoloxía da "Enquisa sobre o uso das TIC E comercio electrónico nas empresas" nesta [ligazón](#).

Documentos:

Anexo	Tamaño
PDF Indicadores dixitais avanzados nas empresas. 2024	94.18 KB
PDF Indicadores dixitais avanzados nas empresas. 2023	70.6 KB
PDF Indicadores dixitais avanzados nas empresas. 2022	75.13 KB
PDF Indicadores dixitais avanzados nas empresas. 2021	75.37 KB
PDF Notas metodolóxicas dos indicadores tic avanzados de empresas	78.26 KB

Os vídeos son publicados na canle de Amtega en youtube, dende onde son compartidos na web de OSIMGA: anexos aos informes e no apartado específico creado na web.

- Vídeo presentación do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización Tecnolóxica de Galicia**
Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia • 265 visualizaciónes • hace 1 año
- Información sobre o informe da administración dixital na Xunta de Galicia**
Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia • 114 visualizaciónes • hace 1 año
- Informe sobre as competencias dixitais da poboación galega**
Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia • 186 visualizaciónes • hace 11 meses
- Informe sobre as empresas do sector TIC en Galicia**
Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia • 83 visualizaciónes • hace 9 meses

Distribuíuse un boletín por trimestre, onde se dá conta aos subscritores dos novos informes, notas de prensa, vídeos e publicacións de cada período.

BOLETÍNS DO ANO 2024

4º trimestre 2024

3º trimestre 2024

2º trimestre 2024

1º Trimestre de 2024

Boletín de novas


2º trimestre 2024

www.osimga.gal

Novas



A estratexia Galicia Dixital 2030 mobilizou cerca de 900 millóns de euros dende a súa posta en marcha en 2021 ata finais de 2023



As medianas e grandes empresas con actividade en Galicia superan a media estatal no uso da intelixencia artificial



O volume de exportacións do hipersector TIC galego supera os 120 millóns de euros, o importe máis alto desde 2017



Os galegos e galegas de 16 a 44 anos superan a media estatal en competencias dixitais básicas e avanzadas



O sector tecnolóxico galego xerou 4.000 postos de traballo nos últimos cinco anos

Informes



Empresas

[Galicia, a economía en dixital. A](#)



Sector TIC

[Galicia dixital. O Hipersector TIC en](#)

A web do OSIMGA é a principal ferramenta de difusión pública das actividades realizadas polo OSIMGA como dispositivo de xestión, información e vixilancia especializada e unha referencia

experta no seu ámbito. Esta web é unha canle aberta de comunicación e difusión dos datos, informacións, estudos e outros materiais elaborados polo Observatorio.

A través da súa web e do seu boletín trimestral de actualidade, que conta xa con 3.328 subscritores, o Observatorio subministra unha selección de noticias de actualidade, eventos, ligazóns con outras fontes de información, observatorios ou entidades relacionadas coa modernización da Administración autonómica galega e a Sociedade da Información.

Ademais, o fondo histórico do OSIMGA presenta unha panorámica, ordenada de modo cronolóxico e temático, da evolución da dixitalización en Galicia.

5.4.2- Vixilancia e análise de fontes de información externas

Xunto coas labores vinculadas ás observacións propias, o OSIMGA continuou en 2024 coas tarefas de vixilancia e análise de fontes de referencia externas. Este traballo facilita a realización de análises comparativas de datos de Galicia con outros marcos xeográficos que se analizan para a realización de informes de situación, resolución de consultas, noticias e outros produtos de información OSIMGA.

Algunhas fontes de información externa analizadas en 2024 foron:



5.4.4- OSIMGA nos medios

Como parte do proceso de información e vixilancia, OSIMGA recolle o impacto nos medios de comunicacións da súa actividade.

No 2024 a presenza da actividade do OSIMGA nos medios é moi notable, tendo máis impacto a nivel autonómico tanto nos canais dixitais como impresos, difundíndose as súas novas e informes en 47 medios de comunicación diferentes. Retómase a senda alcista, despois de que a presenza de procesos electorais en 2023 fixese que non se publicasen algunhas notas de prensa habiatuais.

O número total de citas de informes de OSIMGA en medios de comunicación acadou as 142.

Figura 6. Citas anuais de informes de OSIMGA en medios de comunicación





Figura 7. Citas anuais de informes de OSIMGA en medios de comunicación por temática



5.5.-LIÑA 5: Colaboracións

O OSIMGA deu continuidade durante o ano 2024 ao importante capítulo das colaboracións, intercambiando información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades.

No ano 2024, ó igual que nos anos anteriores, cabe destacar a sinerxía establecida entre a Amtega, a través do OSIMGA, e o IGE, abrindo liñas de colaboración en distintos ámbitos de observación. A continuación, relaciónanse as principais entidades coas que cooperou o OSIMGA e descríbense os principais resultados desta colaboración.

O OSIMGA facilitou tamén datos a outros organismos e entidades, atendendo a demanda de información sobre a Sociedade da Información en Galicia e achegando os datos para cubrir as necesidades da Administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.



INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a optimización das operacións estatísticas no ámbito da sociedade da información: fogares e empresas



ÁMBITO:
CIDADANÍA E
EMPRESAS

DESCRICIÓN

A renovación do Convenio de Colaboración asinado entre Amtega e o IGE en 2020 permitiu dar continuidade á integración dos indicadores relativos á dixitalización na poboación de Galicia dentro da enquisa de "Estrutural a fogares" realizada polo IGE e unha explotación ad-hoc de datos sobre a implantación da dixitalización nas empresas de Galicia, facilitados polo IGE e procedentes da "Enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas" realizada polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

INE (a través do IGE)

Ampliación dos indicadores de microempresas, publicados na "Enquisa de uso de TIC e Comercio electrónico nas empresas" do INE e obtención, a través do IGE, de datos específicos sobre as empresas con actividade en Galicia, pero con sede fóra de Galicia e indicadores sobre comercio electrónico das empresas galegas.



ÁMBITO:
EMPRESAS

DESCRICIÓN

A través da renovación do Convenio de Colaboración, asinado entre a Amtega, o IGE e o INE, obtivéronse datos sobre as empresas con actividade en Galicia, pero con sede fóra de Galicia e unha ampliación dos indicadores sobre as microempresas e comercio electrónico, procedentes da "Enquisa de uso de TIC e Comercio electrónico nas empresas" do INE.

Red.es (ONTSI)

Consulta de datos e informes sobre a evolución das TIC a nivel estatal



ÁMBITO:
SISTEMA DE
INDICADORES E
ESTUDOS TEMÁTICOS

DESCRICIÓN

O OSIMGA consulta e realiza un seguimento sobre os indicadores en materia da Sociedade da Información que publica o Observatorio Nacional das Telecomunicacións e da Sociedade da Información (ONTSI).

Telefónica

O OSIMGA elaborou un capítulo relativo á Sociedade da Información en Galicia que se integrou no informe "A Sociedade Dixital en España -2024"



ÁMBITO:
XERAL

DESCRICIÓN

No marco de colaboración que o Observatorio desenvolve coa Fundación Telefónica, elaborouse un informe sobre a situación da sociedade dixital en Galicia en 2024 que recompila os principais indicadores e a realidade dixital de Galicia a través dos seus proxectos máis relevantes. Esta colaboración integrouse no informe "A Sociedade Dixital en España-2024".

Unidade de Muller e Ciencia

Elaboración de estudos temáticos sobre a situación laboral da muller tecnóloga e análise dos indicadores da Sociedade da Información desde a perspectiva de xénero.



ÁMBITO:
CIDADANÍA E
EMPRESAS

DESCRICIÓN

Desde que en xuño de 2010, a Amtega entrase a formar parte da Unidade de Muller e Ciencia, estableceuse unha estreita colaboración co OSIMGA. O Observatorio realiza un seguimento continuo dos indicadores da penetración das TIC atendendo á perspectiva de xénero, solicitando os datos sobre a presenza de mulleres no sector empresarial TIC as súas funcións no cadro de persoal destas empresas co fin de impulsar liñas de actuación tendentes a corrixir a situación de desigualdade.

Consello Galego das Mulleres

Colaboración na realización do informe A situación das mulleres galegas e as TIC. Ano 2024



DESCRICIÓN

Osimga a achegou indicadores para contribuír á elaboración do informe sobre a situación das mulleres galegas e as TIC.

ÁMBITO:
CIDADANÍA E
EMPRESAS

OBSAE

Galicia colabora no grupo de traballo "Observatorio, Medidas e Indicadores" do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no que participan todas as Comunidades Autónomas.



DESCRICIÓN

O OSIMGA segue a colaborar co "Observatorio de la Administración Electrónica de las Comunidades Autónomas", dependente do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, facilitando os datos correspondentes á situación da Administración electrónica na Xunta de Galicia.

ÁMBITO:
ADMINISTRACIÓN

Seguimento da Estratexia Galicia Dixital 2030

Achegas de datos para o seguimento da Estratexia Galicia Dixital 2030



DESCRICIÓN

O OSIMGA proporcionou datos para o seguimento do cadro de mando da EGD 2030, a folla de ruta en materia tecnolóxica da Xunta de Galicia, que foron incluídos no balance que publica anualmente a Amtega.

ÁMBITO:
XERAL

GIASTECH

O OSIMGA facilita os principais datos sobre o equipamento e uso das TIC no sector empresarial.



GIASTECH

ÁMBITO:
EMPRESAS

DESCRIPCIÓN

O OSIMGA estableceu unha proveitosa colaboración con GIASTECH, facilitando os datos para avaliar a penetración das tecnoloxías nas empresas e no sector TIC.

VOLDIX

O OSIMGA facilitou os principais datos sobre a fenda dixital existente cos principais colectivos en risco de exclusión, atendendo á demanda de información do proxecto "Voluntariado Dixital de Galicia" (VOLDIX).

VOLDIX

ÁMBITO:
CIDADANÍA

DESCRIPCIÓN

O OSIMGA prestou especial atención ao seguimento dos indicadores desagregados por idade, xénero e hábitat para detectar posibles colectivos en risco de exclusión.

Plan eConcellos

Apoio na recollida de datos da enquisa para o estudo "A Administración electrónica nos concellos galegos".



ÁMBITO:
ADMINISTRACIÓN

DESCRIPCIÓN

Apoiouse á actualización de contidos e renovación do cuestionario para a enquisa sobre a Administración electrónica nos concellos de Galicia en estreita colaboración coa Oficina eConcellos, dentro do marco estratéxico Plan eConcellos, o instrumento da Xunta de Galicia para impulsar a eAdministración nos municipios galegos.

Achega de información para o Plan de Inclusión Dixital

O OSIMGA colaborou co Plan de Inclusión Dixital de Galicia, atendendo á demanda de datos estatísticos que permitisen detectar os posibles problemas que afecten a extensión da Sociedade da Información en Galicia, con especial atención aos colectivos en risco de exclusión.



ÁMBITO:
CIDADANÍA

DESCRICIÓN

O OSIMGA atendeu a demanda de información do Plan de Inclusión Dixital de Galicia. A través deste Plan establécese un modelo global e universal de inclusión dixital, cunha maior capilaridade no territorio e no que participarán os axentes coñecedores da realidade da comunidade

CIBERSEGURIDADE

Colaboración na elaboración do Informe de Ciberseguridade en Galicia



ÁMBITO:
XERAL

DESCRICIÓN

Achega dos indicadores de Ciberseguridade en Galicia nos ámbitos da cidadanía, a administración, as empresas e o sector TIC para a elaboración do Informe de Ciberseguridade en Galicia

DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO

Colaboración nas actuacións do Plan Estratéxico de xuventude



xuventude.net

ÁMBITO:
CIDADANÍA

DESCRICIÓN

Achega de datos e elaboración de informes no ámbito da mocidade galega no marco dos compromisos establecidos no Plan Estratéxico de Xuventude.

UNIVERSIDADE DE VIGO e UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Tecnoloxías disruptivas nas empresas TIC



ÁMBITO:
EMPRESAS

DESCRICIÓN

Facilitáronse indicadores sobre o uso das tecnoloxías disruptivas nas empresas galegas desagregadas para o sector TIC

Achega de datos e indicadores para atender a demanda de información

Atención á demanda de información sobre a Sociedade da Información en Galicia e achegando os datos para cubrir as necesidades da Administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.



ÁMBITO:
XERAL

DESCRICIÓN

O OSIMGA facilita periodicamente información e indicadores sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia para a súa difusión en eventos ou foros, analiza as noticias de actualidade e da resposta ás consultas recibidas a través da web do OSIMGA.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA